



ARTISTA FOTÓGRAFO E ACTIVISTA DOS DEREITOS HUMANOS

"Hai algo peor que morte, perder a razón de vivir, eu sei dos problemas que ten Alxeria, pero aí teño a árbore de onde veño, é o meu país, a miña xente, a miña vida e a miña familia, quero asumir o risco".



Said Mohamed estudou na Universidade de Mostaganem Literatura e Civilización, e tamén Deseño na Escola Superior Nacional de Belas Artes en Alxer (ESBA). As súas inquedanzas polas artes comezaron na adolescencia e remataron confluindo coa súa formación superior na ESBA cursando Deseño e Arquitectura Interior, un camiño que percorreu desde a perspectiva máis esteta dos primeiros tempos á arte comprometida de autores como Ahmed Asselah.

"Un referente para min na arte é Ahmed Asselah, un artista comprometido, director da Escola de Belas Artes de Alxer na que estudei, que foi asasinado nos noventa polo integrista islámico".

"Con vinte e catro anos quería darlle un sentido á miña vida e participar nun cambio no meu país, na miña rexión, na miña cidade e no mundo. Foi neste tempo cando decidín facer parte como militante de Amnistía Internacional. Empecei o activismo con eles, a facer formacións, participar en charlas e militar na defensa dos dereitos humanos.

Ao mesmo tempo, usaba a pintura e a arte, que era o que eu coñecía, para intentar transmitir o que estaba a pasar en Alxeria e no mundo, a situación do ser humano e dos dereitos das persoas a través dalgunhas obras de arte. Comecei coa pintura, pero un ano despois fixen unha formación de fotografía xornalística con Amnistía Internacional e entrei como fotógrafo da organización en Alxeria. Non abandonei a arte, pero pasei a empregar máis tempo como fotógrafo, ao tempo que remataba a miña formación na Escola de Belas Artes en Alxer.

En maio de 2018 saín de Alxeria por un proxecto fotográfico con destino Montenegro, Grecia e Turquía, para tratar de sacar fotografías nalgúns campamentos de refuxiados, e doce días despois falei con meu irmán e díxome que o taller que tiña en Alxeria fóra rexistrado e que levaran o material que tiña alí. Dalgunha forma é un exemplo do que está a pasar en Alxeria, hai moitos detidos por expresar e dicir a verdade do que acontece, ou ben por militar na oposición. Cando falei con meu irmán lin nas noticias que detiveran a un amigo meu que é caricaturista, outros

amigos recibiron convocatorias para presentarse na policía. É evidente que están tratando de controlar ás persoas que procuran dicir o que hai.

En Alxeria todos os venres desde hai oito meses hai manifestacións polo cambio, porque non hai liberdade de expresión, non hai liberdade de crenza relixiosa, se non es musulmán tes que agocharte e segue sen mediatizarse nada. Durante moitas décadas estivo prohibido o uso do bérber entre a poboación, e na capital por exemplo, inda a día de hoxe arréstante por falar bérber argumentando que a lingua oficial é o árabe.

Resultado das manifestacións que viñan producíndose na primavera árabe desde 2001 e que tiñan a súa orixe nas de 1988, os bérberes saímos a reivindicar a nosa identidade, a nosa lingua, a nosa cultura e a nosa terra, en definitiva, a liberdade de vivir normal. Nesas manifestacións morreron 160 persoas e foi a partires de aí cando no 2011 comezaron a permitir que as familias escollesen nas escolas a posibilidade de estudar bérber nas primeiras idades.

A situación é moi complicada, o plan do goberno é que non se poida introducir o bérber nas institucións, na administración só podes facer xestións en árabe, estás obrigado a falar coa policía en árabe e a falsificación da identidade durante máis de sesenta anos tivo os seus efectos na sociedade.

Os bérberes somos un pobo que temos orixe no norte de África, temos un idioma propio, o tiffinagh, cun dos alfabetos máis antigos do mundo, e tamén a nosa propia bandeira. É certo que coa chegada do Islam moita xente aceptou converterse, e ese é o punto de inicio que transformou o norte de África nunha rexión de fala árabe, pero non somos árabes.

De feito, na miña rexión hai cristiáns, xudeus e igrexas doutras crenzas porque a cultura bérber é máis tolerante con outras relixións. E, inda que hoxe a maioría dos bérberes son musulmáns, non están influídos nin na indumentaria nin no pensamento polo integrista máis radical, onde para ser un bo musulmán tes que adoitar a norma e a estética relixiosa de maneira estrita.